



ANO XXIII - Nº 436  
2ª QUINCENA ABRIL

**DE FIO A FONDO**

## **Galiza e Norte de Portugal impulsarán a creación do Parque Internacional Xurés-Gerês**

*Darán continuidade á Rede de Camiños Naturais, que se estende ata Lugo*



### **Redacción**

A Comunidade de Traballo Galiza-Norte de Portugal acordou na súa reunión plenaria, celebrada na localidade portuguesa de Guimarães, impulsar a posible creación do Parque Internacional de Xurés-Gerês, para o que tamén solicitarán o recoñecemento como reserva internacional da biosfera por parte da Unesco. Neste sentido, ambas rexións presentarán unha candidatura conxunta no 2008. Pero este non é o único proxecto acordado en materia medioambiental no órgano de xestión da Eurorrexión, xa que este ámbito foi un dos protagonistas do encontro, xunto coas infraestruturas. Galiza e o seu veciño do norte portugués colaborarán na prevención dos riscos naturais, fundamentalmente os derivados dos ríos e os incendios, para o que elaborarán unha cartografía e protocolos de actuación.

As dúas rexións limítrofes tamén abordará a xestión conxunta e a sostenibilidade das contas hidrográficas do Miño, Limia e Támega, algo que "é a primeira vez que se pensa en común", salientou o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño.

## Rede de Camiños Naturais

Ademais, darase continuidade en Portugal ao proxecto galego de creación dunha Rede de Camiños Naturais, dous dos cales iníciáanse ou atravesan o Parque de Xurés (Baixa Limia, Ourense)-Gerês. Son o denominado Vía Nova, que comeza en Braga ata a fronteira con Lobios, en Ourense, e pasa pola Serra dá Lastra ata Astorga, e a Vía do Interior, que seguindo a vía romana enlaza o Xurés con Lugo para seguir ata Asturias.

O plenario da Comunidade de Traballo serviu para aprobar o Plano de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013, dotado con 97 millóns de euros, 73,8 procedentes da cooperación territorial da UE e o resto cofinanciado polas dúas rexións.

Do orzamento total, irá destinada unha partida de 20 millóns ao Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés- Parque Nacional Peneda Gerês, de cara a convertelo en Parque Internacional, aproveitando a oportunidade que brinda a nova Lei Española de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que contempla esta nova figura, mentres que en Portugal está sendo elaborada outra normativa similar.

Outros 12,5 millóns empregaranse nas melloras das cuncas hidrográficas, mentres que 4 millóns máis serán para accións dirixidas ao Parque Natural de Montesinho (Portugal) e seu limítrofe de Pena Maseira (Galiza).

## Cooperación

A intención deste plenario e da nova programación ata 2013 é inaugurar "unha cooperación de segunda xeración" entre Galicia e o Norte de Portugal que axude a consolidar a Eurorrexión. Trátase de converter este territorio "nun lugar atractivo para investir, vivir e traballar", manifestou Touriño, no discurso que puxo fin a esta reunión en Guimaraes.

Así o Plano de Cooperación para os próximos anos contempla a colaboración no campo do mar, con actuacións no ámbito da calidade do medio mariño, o sector alimentario ou os estaleiros. Tamén haberá accións para a internacionalización das pequenas e medianas empresas, e o desenvolvemento de servizos comúns no terreo social.

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal foi creada no 1991 agrupando a un total de 401 concellos da comunidade galega e a rexión portuguesa. En total, trátase de 50.853 quilómetros de superficie e 6,3 millóns de habitantes, en datos de 2001.

### ***O Xurés***

O Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, sitúase no Suroeste da provincia galega de Ourense. Participa da orografía típica das serras meridionais de Galiza, e acolle boa parte das de Leboeiro, Quinxo, Santa Eufemia, Xurés e Pisco, superando todas elas os 1.000 m. de altitude.

Abarca unha superficie de 20.920 has., que se corresponden coas zonas máis elevadas dos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, limítrofes con Portugal e co Parque Nacional portugués de Peneda- Gerês. O Parque Natural exténdese polo sector extremo da subcomarca de A Baixa Limia. En Galicia, A Limia defínese pola cunca fluvial do río Limia, con evidente personalidade na Galicia interior e cunha extensión aproximada de 1.250 qm<sup>2</sup>. O gran contraste orográfico evidencia dúas subcomarcas: A Limia Alta e a Baixa Limia, espallándose esta última polos concellos de Lobios, Entrimo, Muíños, Lobeira, Bande, e parcialmente por Vereá, Calvos de Randín, Baltar e Os Blancos.


### ***Peneda-Gerês***

O Parque Nacional da Peneda-Gerês naceu o 8 de Maio de 1971, converténdose na primeira área protexida e no único parque Nacional de Portugal. A área do PNPG atópase dividida en área de Parque ou zona natural (zona de protección integral, correspondente a un tercio da área) e de Pre-Parque ou zona rural.

Localízase no Alto Noroeste de Portugal, na fronteira con España, cubrindo unha área de 72.000 hectáreas e repartíndose polos concellos de Melgaço, Arcos de Valdevez, Ponte da Barca, Terras do Bouro e Montalegre. Engloba, de Norleste para Sudoeste, as sierras do Gerês, Soajo, Amarela e Peneda e os altiplanos da Mourela e de Castro Laboreiro. O punto máis elevado localízase en serra do Gerês e sobrepasa as 1500 m. É de atravesado por moitas liñas de auga, de entre as cales destácanse os ríos Cávado, Lima e Home.

As árbores que destacan neste paraxe natural son os carballos. O xabarín e o venado son os animais máis comúns na zona.

## Parque natural e Parque nacional: Que os diferencia?



Infografía A PENEIRA

A xestión do Parque Natural depende de cada comunidade autónoma (Consellería de Medio Ambiente correspondente). Polo tanto, defínese como unha figura de protección estatal que implica conservación de valores naturais e xestión da comunidade autónoma. Na nomenclatura internacional correspóndense cos espazos de categoría II de UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza). Por outra banda, o Parque Nacional, por definición,

basicamente é igual que o anterior tipo de espazo natural, aínda que en principio os parques nacionais están menos transformados aínda pola man do home, e a súa singularidade debe ser de interese xeral por seren representativo dos principais sistemas naturais. O motivo polo que estes están menos trastornados é pola férrea vixilancia e conservación á que están sometidos. As medidas de seguridade que protexen un Parque Nacional son moitas máis e máis efectivas que as do primeiro.

Aínda que depende do Estado, algúns parques nacionais, como o de Aigüestortes en Cataluña, por exemplo, xa depende da Generalitat.

## Os cotos de Fontefría

**Paco Castro**



*A primeira vez que subín a Fontefría a cabalo entre a serra do Pisco e a serra do Xurés, levaba por compañeiro un burro de orellas pequenas e patas longas, ben mantido. Atáralle ao lombo toda a cacharrada que me permitiría acampar cunha certa comodidade, tres, catro ou cinco días. Ao pé do monte, nunha lameira, deixei o burro que comera e bebera pola súa conta. Un esforzo máis e coroei aqueles 1559 m. Silenzo. Só a música da*

*Natureza prestaba sons a aquela sensación maravillosa de luces e cores. O zoar do vento xunto ao barullo da auga nacente mailas follas dos carballos agasallaban aos meus ouvidos co mellor concerto que endexamais ninguen poderá emular.*

*Sempre Natureza virxe.*

*Éstas perto de 21.000 ha. foron nomeadas no 1993 Parque Natural. Moitos anos antes o espazo pertencente a Portugal fora xa establecido como Parque Nacional da Peneda Gerês. Xurés e Gerês non son máis ca nomes do mesmo entorno natural, dependendo que a vertente sexa galega ou portuguesa.*

*Galiza e Portugal poñen en marcha un proxecto para considerar este entorno Parque Internacional, cun regulamento común. Esta nova -ben desenvolvida nesta mesma "A*

*Peneira"- deume pé a lembrar aquela andaina que, por suposto repetín tres ou catro veces máis.*

*A Portela do Homem é un dos camiños que interconectan ambas as dúas comarcas, a Baixa Lima Ourense e as Terras de Bouro no Distrito de Braga.*

*Refírome concretamente aos "dominios" do río Homem polas súas razóns históricas. Pasaba por eles a vía XVIII de Antonino, que procedente de Bracara Augusta, remataba en Astúrica Augusta.*

*O mato que na cara atlántica da Portela podemos admirar é intenso, abigarrado, cheo de vida. Afavorido pola orografía e o clima, xa que o monte vai descendendo cara a vaguada das termas do Gêres e recolle a humidade dos ríos e regatos permitindo unha frondosidade espectacular; máis sen esquecer o enorme respecto que o portugués ten pola súa floresta. No Xurés galego, máis alto, máis zoado polo vento, o monte -lórico- asume outras características.*

*Pero, aí estamos, nesa loita esperanzada, nesa formación do pobo a prol da súa riqueza, do seu monte, das súas fragas, dos seus regatos, das súas fontes, do seu ar, da súa supervivenza e as dos seus fillos.*

*De eiquí adiante xa non será Natureza Virxe. Xa será Natureza Virxe Reglamentada. Cos seus camiños, coas súas restricións, cos seus vixiantes, pode que cos seus horarios, cos seus impedimentos de acampada, etc....*

*É a maneira de que esa maldita frase que me dixeron nalgunhas ocasión "os camiños están todos pechados, hai que queimar, hai que queimar" desapareza da mente de calquera para sempre.*

*Alternativa?. Cal vai ser senón!. Educación desde o berce. Respecto a ti mesmo mailo teu entorno.*

*\* Francisco Castro é fillo da comarca da Baixa Lima, responsable da Asamblea Local do BNG de Catalunya e membro do Foro Cívico de Barcelona.*